

## VOCABULARIO

**NACIÓN:** grupo de persoas, asentadas sobre un territorio, que se senten unidas entre sí por aspectos comúns: raza, lingua, cultura, historia, relixión, costumes... que os fan sentirse parte integrante dunha comunidade histórica.

**ESTADO:** unidade territorial soberana que conta con límites fronteirizos que acotan un espazo e unha comunidade humana vencellada por relacións de solidariedade e autoridade.// Aparato político que exerce as súas funcións soberanas sobre un determinado territorio, desenvolvéndose baixo distintos réximes políticos. Entre as súas funcións principais están as de exercer o control económico e político, proporcionando e xestionando recursos, e arbitrar entre os distintos intereses enfrontados nunha comunidade humana.

**PARROQUIA:** unidade básica de división territorial. Trátase da célula inferior da división territorial da igrexa católica, aínda que ten unha gran importancia na organización e distribución xeográfica do espazo, xa que ó seu redor desenvólvese toda a vida do agro. En Galicia existen máis de 3.000.

**MUNICIPIO ou CONCELLO:** entidade básica da organización territorial do Estado. Gobernada polo Concello, que está rexido polo alcalde e concelleiros. // División administrativa do territorio dirixida por un alcalde elexido democraticamente mediante sufraxio universal por períodos de catro anos. // Conxunto de habitantes dun mesmo termo xurisdiccional rexido por un Concello. En España, en 1970, había 8.655 municipios. O seu nº hoxe é bastante máis reducido polas numerosas agrupacións e anexións. En Galicia existen hoxe 315 municipios.

**COMARCA:** unidade natural e toponímica delimitada por aspectos históricos, culturais e económicos bastante afíns. É un termo impreciso, que se refire a un territorio que presenta unhas características que lle dan certa unidade e o diferencia de outros. Comprende un bo número de aldeas e lugares e, en xeral, teñen unha extensión bastante máis reducida ca unha rexión. En 1997 aprobouse o mapa comarcal de Galicia que a divide en 53 comarcas.

**PROVINCIA:** división administrativa dentro do territorio español que ten xurisdicción sobre un grupo de concellos.. Foron fixadas en 1833 (Javier de Burgos) en nº de 49, aínda que en 1927 pasaron a ser 50 ó dividirse Canarias en dúas provincias. É unha entidade local formada pola agrupación de municipios e gobernada pola Deputación provincial, creadas nas Cortes de Cádiz.

**REXIÓN:** espazo ou territorio homoxéneo, dotado de unidade en base a certas características físicas ou naturais, polo seu pasado histórico común, as súas capacidades económicas, os seus rasgos culturais e pola vontade orgánica dun Estado. // Cada unha das grandes divisións territoriais dun Estado. Defínese por características físicas e histórico – sociais comúns. Concepto moi amplo e indefinido que pode ter distintas acepcións: rexión natural, económica, histórica, administrativa, industrial,... Pode ter unha dimensión nacional ou internacional (rexión atlántica).

**COMUNIDADE AUTÓNOMA:** unidade territorial que conta cun certo grao de autogoberno, inscrita nunha unidade territorial de ámbito maior e soberana que é o Estado. Forma parte do modelo de descentralización política e administrativa que se aplica en España dende a entrada en vigor da Constitución de 1978, que recoñece o dereito de autonomía das nacionalidades históricas e rexións que integran o Estado español. As comunidades autónomas réxense por un estatuto aprobado a través dun referendo, que recolle as competencias asumidas e a organización do seu territorio, ficando nas mans do Estado certas competencias, sendo o resto traspasadas ás comunidades a través dun proceso de transferencias. Galicia, nacionalidade histórica, é unha das 17 comunidades autónomas que conforman o Estado español, e conta cun parlamento ou Asemblea Lexislativa que escolle ó presidente do Consello de Goberno.

-----

**ATMÓSFERA:** envoltura gaseosa que rodea a superficie da Terra. O seu límite inferior é a superficie sólida e líquida do planeta. O seu límite superior non é tan evidente: case a totalidade da masa atmosférica se atopa nos primeiros 100 Km. sobre a superficie terrestre (a maioría concentrada por debaixo de 30 Km.), pero aparecen gases atmosféricos e partículas da atmósfera a alturas moi superiores.

**LITOSFERA:** conxunto das partes sólidas do globo terráqueo. Formada polos continentes e a codia submarina. Consta de: codia, manto e núcleo.

**HIDROSFERA:** conxunto das augas en estado líquido, sólido e gaseoso, que se atopan nas capas superiores da corteza terrestre e na atmósfera (vapor de auga, augas subterráneas, mares, océanos, ríos, lagos,...).

**BIOSFERA:** conxunto dos medios en que se desenvolve a vida vexetal e animal. // Envoltura terrestre onde se desenvolven os organismos vivos. Está formada pola parte inferior da atmósfera (a troposfera), a hidrosfera e a parte superior da litosfera.

**XEOGRAFÍA:** ciencia que estudia a superficie terrestre, as características e diversidade dos fenómenos físicos e humanos no espazo, a relación entre o home e o medio e as configuracións rexionais xurdidas da conxunción de características semellantes nun espazo determinado que o diferencia doutros.

**XEOGRAFÍA FÍSICA:** parte da xeografía que analiza as características naturais da superficie terrestre, marxinando aquelas debidas á acción humana, agás as que actúan de xeito decisivo na alteración ou transformación destas características físicas, como por exemplo a destrución da codia vexetal ou a acción erosiva de orixe antrópica. A xeografía física estudia as características dos fenómenos físicos, a súa distribución e as súas asociacións, contraponéndose ó termo de xeografía humana. Engloba a xeomorfoloxía, a climatoloxía, a bioxeografía,...

**XEOGRAFÍA HUMANA:** concepto problemático en canto á súa esencia e que evolucionou co tempo. Pódese dicir que estudia a relación do home co seu medio ambiente e as manifestacións espaciais a que dá lugar. Globalmente abarcaría todas as disciplinas xeográficas que non se ocupan do medio físico. Así, entre estas, están a xeografía da poboación, a xeografía económica, a xeografía política, a xeografía urbana, a xeografía agraria, a xeografía social, a xeografía cultural,...

<b>COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>	<b>PROVINCIAS</b>	<b>CAPITAL</b>
<b>ANDALUCÍA</b>	CÓRDOBA JAÉN GRANADA ALMERÍA MÁLAGA CÁDIZ HUELVA SEVILLA	SEVILLA
<b>ARAGÓN</b>	HUESCA ZARAGOZA TERUEL	ZARAGOZA
<b>ASTURIAS</b>	ASTURIAS	OVIEDO
<b>BALEARES</b>	MALLORCA MENORCA IBIZA FORMENTERA CABRERA...	PALMA
<b>CANARIAS</b>	STA. CRUZ DE TENERIFE LAS PALMAS DE GRAN CANARIA	AS MESMAS
<b>CANTABRIA</b>	SANTANDER	SANTANDER
<b>CASTELA – LEÓN</b>	BURGOS SORIA SEGOVIA ÁVILA VALLADOLID PALENCIA LEÓN ZAMORA SALAMANCA	VALLADOLID
<b>CASTELA – A MANCHA</b>	ALBACETE CIUDAD REAL TOLEDO CUENCA GUADALAJARA	TOLEDO
<b>CATALUÑA</b>	BARCELONA TARRAGONA LÉRIDA GERONA	BARCELONA
<b>EXTREMADURA</b>	CÁCERES BADAJOZ	MÉRIDA

<b>GALICIA</b>	A CORUÑA LUGO OURENSE PONTEVEDRA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
<b>MADRID</b>	MADRID	MADRID
<b>MURCIA</b>	MURCIA	MURCIA
<b>NAVARRA</b>	NAVARRA	PAMPLONA
<b>PAÍS VASCO</b>	ÁLAVA (Vitoria) GUIPÚZCOA (S. Sebastián) VIZCAYA (Bilbao).	VITORIA
<b>A RIOXA</b>	LA RIOJA	LOGROÑO
<b>VALENCIA</b>	CASTELLÓN VALENCIA ALICANTE	VALENCIA